



## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE DECEMBRO DE 2018

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día dezaoto de decembro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso.

Non asiste e presenta escusa don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asiste á sesión don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 11 de decembro de 2018**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 11 de decembro de 2018 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- Resolución do 29 de novembro de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se establece para os efectos de cómputo de prazos, o calendario de días inhábiles no ámbito da Administración Xeral do Estado para o ano 2019. (*Boletín Oficial do Estado* número 298, do 11 de decembro de 2018).
- Orde do 26 de novembro de 2018, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia. (*Diario Oficial de Galicia* número 238, do 14 de decembro de 2018).
- Real decreto 1449/2018, do 14 de decembro, do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación a prol dos policías locais



ao servizo das entidades que integran a Administración local. (*Boletín Oficial do Estado* número 302, do 15 de decembro do 2018).

- Orde do 26 de novembro de 2018, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para a adquisición de vehículos taxi adaptados a persoas con mobilidade reducida (eurotaxi) e se convocan para o exercicio 2019 (tramitación anticipada). (*Diario Oficial de Galicia* número 239, do 17 de decembro de 2018).

### 3º Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no POS+ 2019

Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de decembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

«O Pleno Municipal, en sesión extraordinaria do día 13 de decembro de 2018, aprobou o Plan de Cooperación municipal ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2019”.

Segundo a base 5.B.3.4 das reguladoras do Plan, no suposto de que os investimentos sexan susceptibles de división en lotes, pero o concello opte por non dividilos e incluílos no Plan para a súa adxudicación nun só contrato, o concello deberá presentar xa coa solicitude de participación no Plan, a resolución ou acordo do órgano de contratación de non dividilo, debendo detallarse os argumentos técnicos, económicos, xurídicos ou de outra natureza que motiven válidamente a súa non división en lotes, de acordo co previsto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, segundo o modelo do anexo IX.

Á vista dos informes técnicos (anexos V) emitidos con data 30 de novembro de 2018 polo Arquitecto Municipal e polo Enxeñeiro de Camiños Municipal para cada investimento incluído no Pos + 2019,

Vista a proposta do concelleiro-delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 14 de decembro de 2018,

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.-Non dividir en lotes os investimentos obxecto do proxectos que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2019 cos datos que se indican:

Denominación do investimento	Orzamento do investimento	Financiamento
Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase 3	105.413,49 €	Achega 2018
Mellora da pavimentación no Paseo da Barcala e o	61.510,64 €	Achega 2018



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

camiño do Pombo		
Mellora da pavimentación nos camiños de Mercurín e Brexo	46.451,27 €	Achega 2018
Mellora do espazo público e rexeneración urbana no Temple. Concello de Cambre (A Coruña). Fase 2	161.790,07 €	Préstamo 2019
Mellora da pavimentación no Paseo Marítimo do Temple	68.210,97 €	Préstamo 2019
Mellora da pavimentación no camiño de Penouviña	50.557,47 €	Préstamo 2019
Acondicionamento dos camiños municipais de San Lourenzo ao Pinar e a Torre e Barreiros	56.159,38 €	Pos + 2019 complementario
Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no camiño das Gamelas	66.529,10 €	Pos + 2019 complementario
Mellora da pavimentación no camiño de San Roque, Fonte Cuntín e Cobazás	95.491,28 €	Pos + 2019 complementario
Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis	61.766,19 €	Pos + 2019 complementario

2.- Esta decisión de non dividir en lotes os obxectos dos proxectos indicados está xustificada pola concendencia dos seguintes motivos válidos de acordo co disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272 do 9 de novembro de 2017), e quedará debidamente xustificada no expediente de contratación:

- A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico.
- O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e a execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.
- A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que sirvan de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
- Aínda que o proxecto inclúe distintos orzamentos parciais ou partes que poderían ser adxudicados por lotes, existen partidas comúns a todas elas, como son a de "Varios" e as relativas á seguridade e saúde e a xestión de residuos, cuxa aplicación aos distintos lotes esixiría realizar novos cálculos nos novos documentos técnicos para a adxudicación en lotes.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**3.2. Adxudicación ao licitador “Javier Moreira Landeiro”, no importe de 6.368,25 € sen IVE, 7.299,75 € IVE incluído, da “Subministración de cestas de Nadal para os premios ‘Rasca e gaña’ da campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019” – Expediente núm. 2018/C002/000427**



Vista a proposta de Alcaldía de data 14 de decembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data 23/11/2018 elaborouse por José Luís González Cardalda, técnico en promoción económica, memoria valorada correspondente a “Subministración de cestas de Nadal para os premios “Rasca e gaña” da campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019”, cun orzamento de 7.350,00 €, IVE incluído.

Con data 23/11/2018 emítase proposta-informe de necesidade de contratación asinado polo técnico en promoción económica, o concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico e polo alcalde, motivado na necesidade de dispoñer de elementos que permitan desenvolver a campaña de dinamización comercial e conseguir os seus obxectivos de fixar as compras da veciñanza nos comercios e establecementos da súa proximidade, revertendo isto nunha mellora dos seus ingresos, potenciando o comercio local a través do incremento do seu volume de vendas nunha época do ano que concentra unha gran parte das operacións anuais dos establecementos deste tipo; isto de conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP e Resolución de Alcaldía núm. 872/2018, do 3 de maio.

Con data 27/11/2018 emítase informe polo interventor municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 2018 433 48100 e de que as empresas incluídas na lista de ofertas a remitir non consta que teñan subscrito contratos que superen a cifra prevista no artigo 118 da LCSP, sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 11/12/2018 emítase informe polo técnico en promoción económica e a coordinadora da área no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- Rosa Paula Patiño Varela
- Villar Distribuciones S.L.
- Gula Galega S.L.
- Javier Moreira Landeiro

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen IVE	Oferta IVE incluído
Villar Distribuciones S.L.	6.402,99 €	7.332,92 €
Javier Moreira Landeiro	6.368,25 €	7.299,75 €

Segundo consta no dito informe, na oferta de Villar Distribuciones, S.L. detectouse que na relación mínima de produtos ofertados a conter para cada unha das modalidades de cesta (15 nas cestas valoradas en 60,00 € e 25 nas cestas valoradas en 250,00 €) aparecen recollidos soamente 16 produtos para a modalidade de cesta valorada en 250,00 €, cantidade inferior á esixida como mínima na memoria ou prego de cláusulas administrativas e técnicas da subministración remitida ás empresas invitadas, polo que a oferta non cumpre cos requisitos mínimos establecidos, non considerándose por este motivo admisible.

A valoración final da única oferta admitida é a seguinte:



Subcriterio	Nome ou razón social
	Javier Moreira Landeiro
Prezo ofertado	60,00
Número de produtos ofertados sobre o mínimo de unidades a conter para cada unha das modalidades de cesta	0,00
Calidade dos produtos e da presentación das cestas ofertadas	20,00
<b>Total</b>	<b>80,00</b>

formulando proposta de adjudicación da "Subministración de cestas de Nadal para os premios "Rasca e gaña" da campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019", a Javier Moreira Landeiro, con NIF 34.898.375-S, domicilio na Rúa Constitución, nº 7, 4º dereita, 15679 O Temple (Cambre), no prezo ofertado de 6.368,25 € sen IVE, 7.299,75 € IVE incluído, por ser a única oferta que cumpre cos requisitos mínimos esixidos na memoria e atendendo aos criterios de valoración de prezo ofertado, número de produtos ofertados sobre o mínimo de unidades a conter para cada unha das modalidades de cesta e a calidade dos produtos e da presentación das cestas ofertadas.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

O artigo 25.1 a) da dita lei establece que:

"1. Terán carácter administrativo os contratos seguintes, sempre que os subscriba unha Administración pública:

a) Os contratos de obra, concesión de obra, concesión de servizos, subministración e servizos. Con todo, terán carácter privado os seguintes contratos:

1.º Os contratos de servizos que teñan por obxecto servizos financeiros con número de referencia CPV de 66100000-1 a 66720000-3 e os que teñan por obxecto a creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos con número de referencia CPV de 79995000-5 a 79995200-7, e de 92000000-1 a 92700000-8, excepto 92230000-2, 92231000-9 e 92232000-6.

2.º Aqueles cuxo obxecto sexa a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos."

Visto canto antecede e o informe favorable emitido pola secretaria xeral de data 14 de decembro de 2018, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.3 da LCSP, respecto de que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non ten suscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo.





Tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar a memoria valorada da subministración correspondente a "Subministración de cestas de Nadal para os premios "Rasca e gaña" da campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019", cun orzamento de 7.350,00 €, IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2018 433 48100.

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2018/C002/000427, da actuación de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Admitir na licitación a Javier Moreira Landeiro por ter presentado a oferta de conformidade co establecido na invitación e na memoria valorada para a contratación da subministración de cestas de Nadal para os premios rasca e gaña da campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019, que lle foi remitida.

**Quinto:** Excluir da licitación a oferta presentada pola empresa Villar Distribuciones, S.L., motivado en que se detectou que na relación mínima de produtos ofertados a conter para cada unha das modalidades de cesta (15 nas cestas valoradas en 60,00 € e 25 nas cestas valoradas en 250,00 €) aparecen recollidos soamente 16 produtos para a modalidade de cesta valorada en 250,00 €, cantidade inferior á esixida como mínima na memoria ou prego de cláusulas administrativas e técnicas da subministración remitida ás empresas invitadas, polo que a oferta non cumpre cos requisitos mínimos establecidos, non considerándose por este motivo admisible, todo isto de conformidade co establecido no artigo 139.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, segundo o cal: "1. As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas e condicións, sen excepción ningunha....".

**Sexto:** Adxudicar o contrato da "Subministración de cestas de Nadal para os premios "Rasca e gaña" da campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019", a Javier Moreira Landeiro, con NIF 34.898.375-S, domicilio na Rúa Constitución, nº 7, 4º dereita, 15679 O Temple (Cambre), no prezo ofertado de 6.368,25 € sen IVE, 7.299,75 € IVE incluído, por ser a única oferta que cumpre cos requisitos mínimos esixidos na memoria e atendendo aos criterios de valoración de prezo ofertado, número de produtos ofertados sobre o mínimo de unidades a conter para cada unha das modalidades de cesta e a calidade dos produtos e da presentación das cestas ofertadas.

**Sétimo:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**Oitavo:** Designar como responsable do contrato a José Luís González Cardalda, técnico en promoción económica, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Noveno:** Notifíquese a José Luís González Cardalda, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Décimo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 7 de decembro ao 13 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 2492/2018 e remata coa resolución do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación número 2560/2018, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
2492/2018	07/12/2018	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de decembro de 2018
2493/2018	07/12/2018	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 2.687,15 euros
2494/2018	07/12/2018	Contrato menor a limpeza das cortiñas dos Centros da 3ª Idade de Cambre e O Temple
2495/2018	07/12/2018	Subministración de árbores de Nadal para distribuír entre os establecementos comerciais de Cambre durante a campaña de dinamización comercial do Nadal 2018/2019



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2496/2018	07/12/2018	Licenza de obras para 2 vivendas pareadas en Brexo, Cambre propiedade de RH, S.L.
2497/2018	07/12/2018	Licenza de obra construción vivenda unifamiliar en lugar Espiñeiro Brexo propiedade de JMMB
2498/2018	07/12/2018	Licenza de segregación ou división de terreo de 418 m <sup>2</sup> sita en Corgo – Santa Maria de Vigo en dúas parcelas de 383,90 m <sup>2</sup> e 34,10 m <sup>2</sup> para cedela como viario público propiedade de MBC
2499/2018	07/12/2018	Renuncia a tratamento odontolóxico de SLG
2500/2018	07/12/2018	Renuncia a axuda de material escolar e libros de texto de EJG
2501/2018	07/12/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.1, non se cumpre o establecido no artigo 2, a unidade de convivencia supera o límite de ingresos establecidos. Solicitante: CFT
2502/2018	07/12/2018	Conceder a axuda alimentación. Solicitante: NAL
2503/2018	07/12/2018	Denegar a axuda alimentación segundo o disposto no artigo 22.4, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: MCGT
2504/2018	07/12/2018	Renuncia axuda recibo de auga de AMBC
2505/2018	07/12/2018	Renuncia a recibo aluguer de MCB
2506/2018	10/12/2018	Concesión dos premios do XXV Certame Literario de Poesía, Narración Breve e Microteatro, Cambre 2018
2507/2018	10/12/2018	Subministración de regulador semaforico para semaforo de altamira
2508/2018	10/12/2018	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 13 de decembro de 2018
2509/2018	10/12/2018	Expediente de transferencia de crédito núm. 9/2018. Gastos de Educación
2510/2018	10/12/2018	Expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos correspondente a facturas por importe de 85.509,42 euros
2511/2018	11/12/2018	Autorización transmisión urnas centrais sinaladas co número 51, letras A e B, no cemiterio municipal de Cambre, a prol de dona MIPG
2512/2018	11/12/2018	Procedemento de comprobación limitada PCL 10/2018, á razón comercial SE S.C.C.L
2513/2018	11/12/2018	Contrato menor para a contratación da adecuación dos balcóns no centro social xuvenil na Casa Arrigada
2514/2018	11/12/2018	Baixa de don ABM como condutor asalariado do taxi nº 19
2515/2018	11/12/2018	Expediente de transferencia de crédito núm. 8/2018. Gastos de Cultura
2516/2018	11/12/2018	Aprobación de altas e baixas nas actividades deportivas no mes de novembro
2517/2018	11/12/2018	Solicitude acondicionamento caminos e fincas por estado de parcela sita en Sigrás de Abaixo, Sigrás. Propiedade: JGC e herdeiros de MdelCGC
2518/2018	11/12/2018	Expediente sancionador por circular cun animal por espazos públicos prohibidos por señal expresa por NBB
2519/2018	11/12/2018	Expediente sancionador por vertido de entullos en lugar non habilitado para tal efecto sito en Leiras, Cecebre por JMNG
2520/2018	11/12/2018	Contrato menor para a subministración de libros para as bibliotecas municipais





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

2521/2018	11/12/2018	Reparación de varanda de aceiro no paseo marítimo
2522/2018	11/12/2018	Subministración de cartel para aparcadoiro provisional
2523/2018	11/12/2018	Renuncia axuda luz de MJPV
2524/2018	11/12/2018	Aprobación do gasto e da actividade para a adquisición de caramelos para o proxecto de Nadal de voluntariado
2525/2018	11/12/2018	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de novembro e o seu pagamento
2526/2018	11/12/2018	Expediente sancionador por construción de peche sen axustarse á comunicación previa presentada en finca sita en Sigrás. Propiedade: MTVM
2527/2018	12/12/2018	Contrato menor mediante sistema de vale pedido para a redacción de informe diagnóstico e valoración sobre a Vía Ártabra.
2528/2018	12/12/2018	Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e varias entidades sen fins lucrativos para a realización de traballos prácticos na especialidade de atención sociosanitaria en institucións dentro do desenvolvemento do obradoiro de emprego "PROXEDIS II (PROfesionais en XEriatria e DIScapacidade)" 2018/2019
2529/2018	12/12/2018	Aprobación listaxe admitidos ruta 139: Costa da Vela
2530/2018	12/12/2018	Outorgamento de premios e gratificacións aos participantes no Entroido en Cambre 2018
2531/2018	12/12/2018	Contrato menor mediante sistema de vale pedido para a prestación do servizo de coordinación de seguridade e saúde durante a execución das obras de demolición de ruínas e acondicionamento de parcela en Wensceslao Fernández Flórez e Rocón.
2532/2018	12/12/2018	Aprobación da primeira achega do concello de Cambre ao abeiro do convenio de promoción do ciclismo durante o ano 2018
2533/2018	12/12/2018	Contrato menor mediante o sistema de vale pedido para a redacción do proxecto de expropiación para a eliminación dun elemento urbanístico en Travesía Igrexa, 62 B- O Temple
2534/2018	12/12/2018	Expediente de orde de execución por estado de finca sita en Meixigo, Cambre. Propiedade: BC,S.A.
2535/2018	12/12/2018	Subministración de material de oficina e papelería para o desenvolvemento do proxecto obradoiro de emprego "PROXEDIS II, PROfesionais en XEriatria e DIScapacidade" 2018-2019
2536/2018	12/12/2018	Servizo de docencia dun curso de "Formación en hixiene alimentaria para a manipulación de alimentos" para o proxecto Obradorio de Emprego "PROXEDIS, PROfesionais en XEriatria e DIScapacidade"2018-19.
2537/2018	12/12/2018	Servizo de docencia dun curso de "Prevención de riscos laborais" (5 horas) para o proxecto Obradorio de Emprego "PROXEDIS, PROfesionais en XEriatria e DIScapacidade" 2018-19.
2538/2018	12/12/2018	Contrato menor de subministración de gases para o desenvolvemento do curso "Soldadura con electrodo revestido e TIG" (núm. 1484). Plan AFD 2018-19
2539/2018	12/12/2018	Contrato para compra de material impreso de documentos para Policía Local e calendarios para programa de educación viaria
2540/2018	12/12/2018	RCU pola que se concede a UFD Distribución Electricidad, S.A.,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		licenza municipal para executar unha acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Brexo
2541/2018	12/12/2018	RCU pola que se concede a Vego Supermercados, S.A.U., licenza municipal para a reposición de 12 m2 de beirarrúa no acceso ao aparcadoiro do supermercado sito no Temple
2542/2018	12/12/2018	Aprobación do proxecto "Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais"correxido segundo requirimento da Deputación provincial, incluído no PAI 2016 principal.
2543/2018	12/12/2018	Aprobación lista admitidos actividades xuvenís mes de outubro
2544/2018	12/12/2018	Expediente de transferencia de crédito núm. 10/2018. Inversións Policía local.
2545/2018	13/12/2018	Renuncia axuda tratamento odontolóxico de J.A.V.
2546/2018	13/12/2018	Aprobación da actividade de acción voluntaria: Xornada anual de convivencia do voluntariado do Concello de Cambre, cea anual 2018 e homenaxe á persoa voluntaria máis antiga do Concello de Cambre.
2547/2018	13/12/2018	Aprobación da adquisición de 2 USB 3.0 de 128 GB para o almacenamento de documentación fotográfica e audiovisual dos últimos 10 anos do programa municipal de voluntariado de Cambre.
2548/2018	13/12/2018	Concesión tarxeta estacionamento a J.P.R.
2549/2018	13/12/2018	Contrato menor para guindastre de gran tonelaxe para retirar cabeza tractora da vía pública
2550/2018	13/12/2018	Concesión tarxeta estacionamento a E.R.B.
2551/2018	13/12/2018	Corrección de erros contrato menor para compra de material impreso de documentos para Policía Local e calendarios para programa en educación viaria
2552/2018	13/12/2018	Recoñecemento extraxudicial de créditos correspondentes a facturas por importe de 41.333,49 euros
2553/2018	13/12/2018	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 8.449,02 euros
2554/2018	13/12/2018	Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Acondicionamento e reforma no centro social de Sigrás", e aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes por importe total de 2.423,24 euros, así como o seu pagamento
2555/2018	13/12/2018	Aprobación de certificación de obra correspondente á obra denominada "Reparación cuberta e interiores piscina A Barcala " e aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes por importe total de 3.199,06 euros, así como o seu pagamento
2556/2018	13/12/2018	Concesión tarxeta estacionamento a A.J.C.V.
2557/2018	13/12/2018	Organización, xunto coa Asociación de veciños O Cruceiro de Bribes, do Belén Vivente 2018
2558/2018	13/12/2018	Actividade denominada " Cea de Nadal" para os participantes do proxecto municipal de lecer e diversidade funcional.
2559/2018	13/12/2018	Autorización ao titular da licenza de taxi nº 16, para que don R.R.N. preste servizos como condutor asalariado.
2560/2018	13/12/2018	Aprobación celebración do Concurso "Carteis de Reis Magos 2019"



		entre os escolares de Cambre.
--	--	-------------------------------

## 5º. Informes doutros asuntos de área

### Informes da alcaldía

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- Remitimos escritos en relación co problemática dos inquilinos do edificio da Patiña, tanto á Xunta como á Valedora do Pobo.
- Acudiu á presentación do Plan de Emerxencias da presa de Cecebre.
- Asinou un convenio coa Deputación para obras de mellora do parque infantil leste da Barcala.
- Acudiu á foto de familia do Club Baloncesto Cambre.
- Visitou o Belén Vivente de Bribes.
- Acudiu ao acto de Nadal da Asociación de Veciños O Gaiteiro de Sigrás.

### Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 10 ás 21:00 horas asistiu a unha reunión, xunto co concelleiro de Cultura e a concelleira de Movemento Asociativo para falar coa Asociación de veciños/as do Temple e os empresarios/as sobre a campaña de Nadal no Centro sociocultural do Temple.
- O venres día 14, ás 8.45 horas, xunto coa técnica da ADL, Beatriz Castro e dous policía locais, estivo organizando o recinto feiral da feira do Temple por ocupación de coches mal estacionados.
- O día 16 asistiu á comida que organizou a Asociación veciñal de Bribes co motivo do Belén Vivente.

### Informes da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade

Dona Josefa Vázquez Soto dá conta dos seguintes asuntos:

- O martes acudiu ao consello escolar no IES Afonso X O Sabio.
- O venres asistiu á presentación do Plan de Emerxencias da presa de Cecebre.
- O domingo asistiu á comida organizada co motivo do Belén Vivente de Bribes.

### Informes do concelleiro delegado da área de Xuventude, Turismo e Patrimonio



Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:

- O venres 14: "Por fin é venres". Decoración do Nadal
- O sábado 15: "Vente de marcha". Última ruta do ano pola Costa da Vela, Monte do Facho e Santuario Galaico.

### **Informes do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Mobilidade**

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, dá conta dos seguintes asuntos:

- O sábado 15 asistiu á presentación das categorías do Club Baloncesto Cambre no pavillón Sofía Toro.

Así mesmo, Centro Ecuestre Pinteño.

- O domingo 16 asistiu ao Belén Vivente Bribes 2018

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co seguinte asunto:

- Adxudicación da obra "Espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala, Cambre", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2018" da Deputación Provincial da Coruña a prol do licitador "Canarga, S.L.", no prezo ofertado de 196.694,21 euros sen IVE (237.999,99 euros IVE incluído) - Expte: 2018/C003/000004

sendo aprobada a urxencia da proposta por unanimidade dos sete concelleiros que asisten á sesión.

**Único: Adxudicación da obra "Espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala, Cambre", incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2018" da Deputación Provincial da Coruña a prol do licitador "Canarga, S.L.", no prezo ofertado de 196.694,21 euros sen IVE (237.999,99 euros IVE incluído) - Expte: 2018/C003/000004**

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de decembro de 2018 que literalmente se transcribe a continuación:

"Visto o expediente de contratación incoado co nº 2018/C003/000004 para a adxudicación, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) da obra "Espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala, Cambre", incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de



competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018 da Deputación provincial da Coruña, cun orzamento base de licitación de 240.951,43 euros IVE incluído.

Vista a valoración dos criterios contemplados na cláusula 15.1 e no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares que consta nas Actas da Mesa de Contratación de datas 28 de setembro de 2018 e 30 de outubro de 2018, respecto da única oferta presentada no presente procedemento, así como a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación designada para o presente expediente con data do 30 de outubro de 2018, a prol do licitador "Canarga, S.L.", no prezo ofertado de 237.999,99 euros IVE incluído (196.694,21 euros sen IVE), puntuación obtida en aplicación dos criterios de adxudicación que constan a cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

Visto que, outorgado ao licitador proposto como adxudicatario o prazo de sete días hábiles, para que presentase a documentación contemplada na cláusula 16 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares, esto de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, este achegou en prazo toda a documentación requirida, acreditando a súa solvencia económica e técnica, así como a suficiencia de medios para a execución do contrato, segundo informe do arquitecto municipal de data do 19 de novembro de 2018.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral da Corporación, de data 11/12/18, que contén a proposta de acordos a adoptar, e mailo informe de fiscalización número 135 fase D/AD emitido polo interventor municipal con data do 17 de decembro actual.

Visto o establecido na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen no presente expediente, e de conformidade co disposto nos artigos 150 e 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, de data 18 de decembro de 2018.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro:** De conformidade co acordo adoptado pola Mesa de Contratación con data do 28 de setembro de 2018, declarar válida a licitación, admitindo nela a única oferta presentada pola seguinte empresa, por ter presentado os sobres ou arquivos electrónicos coas condicións e requisitos establecidos na cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente:

- Canarga, S.L

**Segundo:** Aprobar, de conformidade coa avaliación e clasificación da única oferta presentada, e admitida, que consta na Acta da Mesa de Contratación de data 30 de outubro de 2018, a seguinte





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

puntuación, tendo en conta os criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares:

EMPRESA	Puntuación 1ª fase	Puntos Oferta económica	Puntos porcentaxe persoal fixo	Puntos Porcentaxe mulleres	Puntos incremento prazo garantía	TOTAL PUNTOS
CANARGA, S.L.	18,30	40	10	5	20	93,30

**Terceiro:** De conformidade co acordo adoptado con data do 30 de outubro de 2018 pola Mesa de Contratación designada no presente expediente, adxudicar a obra “Espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala, Cambre”, a prol da empresa “Canarga, S.L.”, con NIF B-15360902 e domicilio en El Paleo s/n – 15175 Carral (A Coruña), no prezo ofertado de 237.999,99 euros IVE incluído (196.694,21 euros sen IVE), de acordo coa puntuación obtida en aplicación dos criterios de adxudicación que constan na cláusula 15.1 e Anexo IV do prego de cláusulas administrativas particulares, sen atoparse incurso en presunción de oferta anormalmente baixa.

**Cuarto:** Formalizar o contrato en documento administrativo non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación, de conformidade co sinalado na cláusula 17 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do expediente contractual, procedendo seguidamente á publicación da formalización do contrato, xunto co correspondente contrato, no Perfil de Contratante do Concello de Cambre- Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado, esto de conformidade co disposto no artigo 154 da Lei dos contratos do sector público.

**Quinto:** Desígnase como responsable do contrato ao arquitecto municipal-xefe da Sección de planeamento e xestión, don José Ramón Díaz Barbeito, de conformidade co establecido no artigo 62.2 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que lle corresponderá o labor de supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións, e dictar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Sexto:** A dirección de obra e a coordinación de seguridade e saúde correspóndelle a David Sarmiento Nogueira, segundo expediente de contratación menor número 2018/C002/000365 adxudicado por resolución de alcaldía nº 2486/2018, do 5 de decembro.

**Sétimo:** Notificar os presentes acordos ao licitador e publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), de conformidade co establecido no artigo 151.1 da Lei de Contratos do Sector Público e cláusula 16.4 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do expediente de contratación, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regula das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Oitavo:** Notifíquese ao director da obra-responsable do contrato, e máis ao Departamento de Intervención Municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Óscar A. García Patiño

Maria Luisa de la Red Ampudia